

de educadora, evitando circunscribir exclusivamente na institución educativa a responsabilidade respecto da normalización lingüística e cultural. Nesa liña son moi relevantes as ideas e propostas concretas que procuran un vínculo estreito entre a escola e a súa comunidade de referencia, ou que mesmo se proxectan a través de redes sociais ampliando a súa incidencia.

As diferentes colaboracións identifican os problemas de distinta índole que trouxo consigo a aplicación do Decreto 79/2010, mais non renuncian á súa superación reclamando para a institución educativa un papel proactivo, capaz de combater prejuizos e recuperar falantes entre a infancia e a mocidade, e que, en definitiva, traballe para reverter a actual situación. Desde a Revisa Galega de Educación queremos agradecerllles a todas e cada unha das persoas colaboradoras a súa teimosía na construcción dese relato vizoso e normalizador que pula por "rompe-la maceita do bonsai e deixalo medrar coas raíces na terra", tal e como pedía o prezado mestre Agustín Fernández Paz no seu artigo "A cultura do bonsai" co que abría o primeiro número da RGE en 1986 a sección "O estado da lingua".

Agardamos que os lectores e as lectoras que se acheguen a este número atopen nel argumentos, ideas e reflexións desde os que renovar o seu compromiso cunha pedagoxía que, tomando prestado o lema de Paz Andrade, teña a Galicia como tarefa. .



Luís Davila

María Dolores Candedo Gunturiz

Resumos Resúmenes Abstracts

Víctor F. Freixanes

Normalización lingüística, idioma, escola

Normalización lingüística, idioma, escuela

Linguistic standardization, language, school

A cuestión de fondo é a capacidade legal que un país ten para defender o seu idioma e recuperalo historicamente. A presenza, a práctica e as estratexias de avance da lingua galega nas escolas retrocederon nestes dez últimos anos. Isto implica, inevitablemente, unha Nova Política Lingüística, unha nova lectura da Lei de Normalización Lingüística consonte os novos tempos, capaz de proponer un gran pacto arredor do idioma.

The main issue is the legal capacity a country has to defend its language and to recover it historically. The presence, practice and strategies for taking the Galician language forward in schools have receded in the last ten years. This inevitably involves a new Linguistic Policy and a new reading of the Law on Linguistic Standardization – indeed one which is in line with modern times and also capable of proposing a firm agreement regarding the language itself.

Rosario Álvarez Blanco

Bilingüismo, galego, ensino.

Bilingüismo, gallego, educación

Bilingualism, Galician language, education

A análise do estado da lingua, sobre todo sociolingüístico, constitúa unhas das tarefas do Consello da Cultura Galega. Avógase por un bilingüismo activo que supóna o necesario reforzo para o galego e por un clima favorable a esta lingua nas aulas como chave para a contención na perda de falantes. Un dos factores da desgaleguización atópase nas primeiras etapas, polo que se recomenda unha oferta de educación infantil en galego. A evidencia empírica faí que o CCG demande un ensino no que a protección do galego sexa unha prioridade; ao tempo, reclama un consenso que poña a lingua a resguardo dos vavéns políticos.

The analysis of the present state of the Galician language together with that of the sociolinguistic situation, constitutes one of the most important/noteworthy tasks of the Consello da Cultura Galega. The promotion of active bilin-